



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Lingua Española 2	Código	613G01013	
Titulación	Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Mascato Rey, Rosario	Correo electrónico	rosario.mascato@udc.es	
Profesorado	Mascato Rey, Rosario Perez Pascual, Jose Ignacio Veleiro Perez, Ana Maria	Correo electrónico	rosario.mascato@udc.es jose.ignacio.perez.pascual@udc.es ana.veleiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo normativo da lingua española. Introducción ao problema da corrección idiomática. Aplicación á lingua española a teor do establecido pola RAE.			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Ningunha.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Todas (con modificación de formato nas sesións maxistrais, interactivas e de grupo reducido presenciais -vid. infra)</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>As horas presenciais das sesións maxistrais, interactivas e de grupo reducido serán substituídas por sesións vía Teams (en modo síncrono ou asíncrono) acordadas previamente co alumnado en función das súas condicións (técnicas ou persoais).</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Correo electrónico.</p> <p>Moodle.</p> <p>Teams (por vía síncrona ou asíncrona).</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Ningunha.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>O alumnado con dificultades para o acompañamento da materia durante a vivencia deste plano de continxencia, quer por motivos de conexión ou de medios, quer por necesidades ou limitacións de calquera outro tipo (cuidado de menores ou maiores dependentes, conciliación, horarios ou espazos restrinxidos, etc.) deberá contactar co profesorado no menor tempo posíbel a fin de que poidan ser arbitradas todas as medidas de flexibilización e adaptación necesarias a cada caso particular.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Ningunha.</p>
-----------------------------	---

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A5	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A21	Coñecer a variación lingüística da lingua española.



A23	Ter coñecementos de terminoloxía e neoloxía.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Obter un coñecemento detallado sobre a corrección idiomática e os principais aspectos normativos da lingua española.	A5 A11 A14 A21 A23	B3 B4 B5 B6 B8
Coñecer e aprender a manexar diversos recursos para resolver dúbidas sobre a norma do español.	A5 A11 A14 A23	B1 B2 B3 B5 B6 B7 B10	C6
Saber localizar en textos reais erros idiomáticos e corruxos razoadamente.	A5 A10 A11 A15 A21	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10	C1 C6

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A corrección idiomática. A lingua estándar. A gramática normativa	1.1. A lingua estándar ou lingua exemplar 1.2. A norma do español
2. Ortografía e ortoloxía do español	2.1. Ortografía 2.2. Ortoloxía
3. Aspectos léxico-semánticos	3.1. Uso do léxico 3.2. Préstamos e estranxeirismos



4. Cuestións normativas e clases de palabras	4.1. Substantivo e adxectivo 4.2. Determinantes e numerais 4.3. Verbo 4.4. Pronome 4.5. Preposición 4.6. Conxunción 4.7. Adverbio
5. Cuestións normativas na construción sintáctica	5.1. Concordancia ad sensum 5.2. Anacoluto 5.3. Outros

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A5 A10 A11 A14 A15 A21 A23 B4 B5 B7 B8 B10 C1 C6	19	19	38
Lecturas	A5 A10 A11 A14 A21 A23 B1 B3 B5 B6 B7 B8 C6	0	10	10
Obradoiro	A5 A10 A11 A14 A15 A21 A23 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C6	14	28	42
Traballos tutelados	A5 A10 A11 A14 A15 A21 A23 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C6	9	27	36
Análise de fontes documentais	A5 A11 A14 A15 A21 A23 B1 B2 B3 B7 C6	0	18	18
Eventos científicos e/ou divulgativos	A14 A21 A23 B3 B10 C6	4	0	4
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición teórico-práctica, por parte do profesorado, dos contidos da materia.
Lecturas	Lectura de artigos puntuais sobre aspectos concretos do temario.
Obradoiro	Realización de prácticas nas que se inclúen procuras de solución a determinados problemas, probas de discriminación, probas de completar, corrección de textos, aplicación de normas, análise crítica de determinadas lecturas, traballo en grupo.
Traballos tutelados	Traballo en grupo no que se aplicarán os coñecementos adquiridos á detección de erros e corrección de textos de forma xustificada. A preparación do traballo farase baixo a tutela do profesorado. As indicacións para a realización do mesmo serán distribuídas entre o alumnado a través da plataforma Moodle.
Análise de fontes documentais	O alumnado realizará actividades para a súa familiarización coas fontes documentais esenciais da materia, a fin de facilitar o seu desempeño e autonomía no proceso de ensino-aprendizaxe.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Asistencia a conferencias e seminarios relacionados coa materia.



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Traballos tutelados	Para todas as probas avaliábeis, o profesorado estará dispoñíbel en horario de titorías para resolver as dúbidas que poidan xurdir. No caso concreto dos traballos tutelados, ademais, para ter un seguimento do proceso de elaboración, dedicaranse unhas horas de traballo na aula a que os grupos expoñan as dificultades coas que se van atopando e daránelles as indicacións oportunas para superalas.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A5 A10 A11 A14 A15 A21 A23 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C6	Ao longo do cuadrimestre, realizaranse diversas actividades escritas no marco da aula (exercicios, comentarios...). O profesorado seleccionará até un máximo de catro para a súa entrega e avaliación a través da plataforma Moodle.	50
Traballos tutelados	A5 A10 A11 A14 A15 A21 A23 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C6	Un traballo en grupo (dous ou tres estudantes) no que se poñerán en práctica os coñecementos e competencias adquiridos. As instrucións, materiais e datas de entrega serán oportunamente disponibilizados a través da plataforma Moodle. Este traballo contará coa supervisión do profesorado e un seguimento específico no marco das aulas.	50

Observacións avaliación

1. En todas as actividades escritas (traballos, exercicios, comentarios...), será valorado o uso correcto e axeitado da lingua española, especialmente para fins académicos.
2. Non será admitida a entrega de traballos fora de prazo. 3. Calquera falta de honradez académica (plaxio, utilización de textos ou ideas doutros autores sen indicar a procedencia, copia en tarefas, traballos ou outras variábeis destas características) será penalizada coa anulación total da actividade de que se trate. 4. Obterá a calificación de NP (non presentado) o alumnado que non entregue o traballo tutelado, aínda que teña realizado as restantes actividades. 5. O alumnado que teña que superar a materia en segunda oportunidade recuperará tan só as actividades que tiver suspensas. Nese caso, o profesorado facilitará as indicacións oportunas a propósito das características do traballo ou entrega de exercicios por medio da plataforma Moodle, indicando as datas e procedementos de entrega, para que o alumnado poida organizar con tempo suficiente as tarefas para a segunda oportunidade. 6. A materia poderá ser adaptada ao estudantado con necesidades especiais, así como ao estudantado procedente de convenios e programas internacionais que non teña un nivel de competencia lingüística en español semellante ao nativo. Nestes casos, as persoas afectadas deberán contactar de maneira inmediata á docente no inicio do cuadrimestre, tras a súa incorporación á materia. 7. O nivel mínimo de competencia lingüística recomendado para cursar esta materia, no caso do estudantado Erasmus e de convenios internacionais, é un B2 de acordo co Marco Europeo para o Ensino e Aprendizaxe de Linguas. Alumnado con dispensa académica de exención de asistencia Os procedementos e porcentaxes de avaliación serán os mesmos que para o restante alumnado. Porén, o traballo tutelado terá carácter individual (coa conseguinte adaptación de materiais, procedementos e prazos de entrega). O profesorado porá ao dispor deste estudantado tanto as instrucións para a realización como os procedementos e datas de entrega a través da plataforma Moodle. As titorías concertaranse por correo electrónico e terán lugar en horario axeitado tanto para o alumnado como para o profesorado. Oportunidade extraordinaria de decembro O alumnado en disposición de optar a examinarse da materia na convocatoria extraordinaria en decembro será avaliado a través da realización dun exame que suporá o 100% da calificación.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Casado Velarde, Manuel ((2008)). El castellano actual. Usos y normas. EUNSA, Pamplona, 9.ª ed. - Coseriu, Eugenio ((1992)). Competencia lingüística. Gredos, Madrid - Gómez Torrego, Leonardo ((2011a)). Hablar y escribir correctamente. Gramática normativa del español actual. Arco Libros, Madrid, 2 vols., 4.ª ed. (act.) - Gómez Torrego, Leonardo ((2011b)). Las normas académicas: últimos cambios. SM, Madrid. - Martínez de Sousa, José ((2008)). Diccionario de usos y dudas del español actual DUDEA. Trea, Gijón, 4.ª ed. - Martínez de Sousa, José ((2014)). Ortografía y ortotipografía del español actual. Trea, Gijón, 3.ª ed. - Montolío, Estrella (coord.) ((2008)). Manual práctico de escritura académica. Ariel, Barcelona, 3 vols., reimpr. - Montolío, Estrella (dir.) ((2014)). Manual de escritura: académica y profesional. Ariel, Barcelona - Paredes García, Florentino (coord.) ((2012)). El libro del español correcto. Claves para hablar y escribir bien en español. Instituto Cervantes- Espasa, Madrid - Real Academia Española-Asociación de Academias de la Lengua Española ((2005)). Diccionario panhispánico de dudas. Santillana, Madrid. En línea en http://www.rae.es. - Real Academia Española- Asociación de Academias de la lengua española ((2009)). Nueva gramática de la lengua española. Espasa, Madrid - Real Academia Española-Asociación de Academias de la Lengua Española ((2010a)). Ortografía de la lengua española. Espasa, Madrid - Real Academia Española-Asociación de Academias de la Lengua Española ((2010b)). Nueva gramática de la lengua española. Manual. Espasa, Madrid - Real Academia Española-Asociación de Academias de la Lengua Española ((2011)). Nueva gramática básica de la lengua española. Espasa, Barcelona. - Real Academia Española- Asociación de Academias de la lengua española ((2012)). Ortografía básica de la lengua española. Espasa, Barcelona. - Real Academia Española-Asociación de Academias de la Lengua Española ((2013)). El buen uso del español. Espasa, Barcelona - Real Academia Española-Asociación de Academias de la Lengua Española ((2014)). Diccionario de la lengua española. Espasa, Barcelona, 23.ª ed. - Seco, Manuel ((2011)). Nuevo diccionario de dudas y dificultades de la lengua española. Espasa, Barcelona - Real Academia Española ((2018)). Libro de estilo de la lengua española. Espasa, Barcelona <p>A bibliografía complementaria darase en cada tema. Documentación na plataforma Moodle da UDC.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías